





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30357** formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“a información da Consellería de Economía e Industria respecto do eventual proceso administrativo derivado da denegación da autorización do proxecto mineiro en Corcoesto”**, (publicada no BOPG número 380 do 26 de novembro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O 30 de xaneiro de 2015 o secretario xeral técnico, por delegación do conselleiro de Economía e Industria, resolveu desestimar o recurso potestativo de reposición interposto pola sociedade Mineira de Corcoesto SL contra a Resolución de denegación do proxecto de explotación de ouro na mina de Corcoesto.

O 2 de febreiro do 2015 o director xeral de Enerxía e Minas instou á Xefatura Territorial da Coruña a inmediata incoación do procedemento para a declaración de caducidade das concesións de explotación ‘Emilita’ número 1221, ‘Ciudad de Landro’ número 1454 e “Ciudad de Masma” número 1455, que forman o coñecido como Grupo Mineiro Corcoesto.


O 11 de maio de 2015 o xefe territorial da Consellería de Economía e Industria na Coruña acordou iniciar o expediente de caducidade e das concesións de explotación ‘Emilita’ nº 1221, ‘Ciudad de Landro’ nº 1454 e ‘Ciudad de Masma’ nº 1455.

Cumpridos estes trámites, e tras a análise das alegacións presentadas pola empresa ao Acordo do 22 de maio de 2015, con data 7 de agosto de 2015 dítase a Resolución pola que se declara a caducidade das concesións de explotación 'Emilita' nº 1221, 'Ciudad de Landro' nº 1454 e 'Ciudad de Masma' nº 1455, da titularidade de Mineira de Corcoesto SLU."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia